

*Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes desta consellería (código de procedemento ED013A).*

Mediante Orde do 21 de novembro de 2023 foi convocado concurso de traslados específico entre o persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria, de educación primaria e de educación especial dependentes desta consellería (código de procedemento ED013A) (DOG núm. 230, do 4 de decembro).

A base décimo cuarta, sobre resolución provisional do concurso, establece que unha vez recibidas na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades as actas da Comisión de Avaliación, coas puntuacións asignadas ao persoal concursante, procederase, conforme as peticións e os méritos do persoal participante, á adxudicación dos destinos e farase pública mediante resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.gal/](http://www.edu.xunta.gal/)).

Na súa virtude e, de conformidade co que antecede, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Adxudicar e publicar na páxina web desta consellería ([www.edu.xunta.gal/](http://www.edu.xunta.gal/)) destino provisional ao persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura de departamento de orientación nos centros que alí se especifican.

Segundo. Aprobar e publicar as relacións provisionais de persoas excluídas na páxina web desta consellería polas causas que se indican.

Terceiro. Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base décimo quinta da Orde de 21 de novembro de 2023, o persoal concursante poderá presentar reclamacións á resolución provisional por medios electrónicos mediante o trámite activado para este efecto na Carpeta cidadá no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ([www.edu.xunta.gal/](http://www.edu.xunta.gal/)).

Cuarto. Así mesmo, de conformidade coa base décimo quinta da Orde de 21 de novembro de 2023, o persoal concursante poderá presentar renuncia á súa participación neste concurso, por medios electrónicos, mediante o trámite activado para este efecto na Carpeta cidadá no prazo de dez (10) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da dita resolución.

Esta renuncia afectará a todas as peticións consignadas na súa solicitude de participación. A renuncia deberá realizarse tamén, dentro deste mesmo prazo na páxina web do concurso ([www.edu.xunta.gal/cxt](http://www.edu.xunta.gal/cxt)) na lapela habilitada para estes efectos.





As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso, deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva, cos efectos previstos na base décimo sexta da Orde do 21 de novembro de 2023.

Quinto. O persoal funcionario do corpo de mestres que estea participando simultaneamente nesta convocatoria e na realizada pola Orde do 24 de outubro de 2023 pola que se convoca concurso de traslados entre o persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, escolas oficiais de idiomas, música e artes escénicas, artes plásticas e deseño, profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional, mestres de taller de artes plásticas e deseño, mestres, inspectores ao servizo da Administración educativa e inspectores de educación (código de procedemento ED012A) e que obteña praza definitiva da xefatura de departamento de orientación, entenderase que renuncia á participación no concurso xeral de traslados.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

